



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2018/19 |
| Asignatura (*) | Literatura Portuguesa 2 | Código | 613G02037 | |
| Titulación | Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Cuarto | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | GalegoPortugués | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Samartin López-Iglesias, Roberto | Correo electrónico | roberto.samartin@udc.es | |
| Profesorado | Samartin López-Iglesias, Roberto | Correo electrónico | roberto.samartin@udc.es | |
| Web | https://www.udc.gal/gl/filo/grao_galego/index.html | | | |
| Descrición xeral | Estudo dos principais elementos relativos ao funcionamento da literatura portuguesa desde o século XIX até a actualidade | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A11 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. |
| A14 | Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. |
| A18 | Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa. |
| A20 | Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-----|-------------------------------------|----|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual | A2 | | |
| Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. | A11 | | |
| Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos literarios e culturais, así como interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. | A14 | | |
| Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa. | A18 | | |
| Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. | | B1 | |
| Adquirir capacidade de autoformación. | | B3 | |
| Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. | | B6 | |
| Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. | | B7 | |
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. | | | C4 |
| Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas. | A20 | | |
| Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. | | B5 | |



| Contidos | |
|------------------------------------|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. QUESTÕES GERAIS E METODOLÓGICAS | 1.1. Ferramentas teórico-metodológicas para a análise da função e posición da literatura nos campos culturais 1.2. O proceso de canonización: resultados em inicios do século XXI |
| 2. A PRODUÇÃO OITOCENTISTA | 2.1. O campo literário português no século XIX 2.2. Relações intersistémicas: a tradução 2.3. O romance: Herculano, Garret, Camilo e Eça 2.4. A "Questão Coimbrã" e a "Geração de 70". |
| 3. DA MONARQUIA PARA A REPÚBLICA | 3.1. A poesia de Cesário Verde e de António Nobre 3.2. Renascença e Saudosismo: Teixeira de Pascoaes (e a Galiza) 3.3. O uso da tradição: o Integralismo Lusitano de Afonso Lopes Vieira |
| 4. O(S) MODERNISMO(S) | 4.1. O campo literário português entre a República e o Estado Novo: "Orpheu" e outras revistas 4.2. O "drama em gente" de Fernando Pessoa. A poesia de Alfredo Guisado, Almada Negreiros, Sá Carneiro e Florbela Espanca 4.3. A "Presença" e outras revistas 4.4. O surrealismo e o neorealismo |
| 5. ESTADO NOVO E PÓS-25 DE ABRIL | 5.1. António Ferro e a política cultural do Salazarismo 5.2. O cânone e as produtoras: Entre Agustina Bessa-Luís e Lídia Jorge 5.3. O romance segundo José Cardoso Pires, António Lobo Antunes e José Saramago 5.4. A poesia segundo Helberto Helder, Eugénio de Andrade e Ana Hatherly 5.5. A internacionalização da literatura Portuguesa: prémios, revistas, mercados, encontros, instituições. |

| Planificación | | | | |
|-------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Lecturas | A18 A20 B1 B3 B7 | 2 | 15 | 17 |
| Presentación oral | B6 B7 | 2 | 11 | 13 |
| Proba mixta | A2 A18 B7 | 2 | 20 | 22 |
| Recensión bibliográfica | A2 A11 | 2 | 6 | 8 |
| Estudo de casos | A2 A14 B1 C4 | 14 | 4 | 18 |
| Sesión maxistral | A18 B5 B7 C4 | 16 | 29 | 45 |
| Traballos tutelados | A2 A14 A18 B1 B3 B7 | 4 | 18 | 22 |
| Atención personalizada | | 5 | 0 | 5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Lecturas | Cada alumno/a realizará a lectura de unha serie de monografías, artigos ou capítulos de libro relativos aos contidos focados na materia e recollidas por extenso nunha listaxe fornecida polo profesor no inicio das sesións. Destas leituras obrigatorias, un artigo ou capítulo de libro será obxecto de presentación oral e dous dos libros que figuran no punto 8 desta guía como "lecturas obrigatorias" da recensión bibliográfica. |



| | |
|-------------------------|--|
| Presentación oral | <p>Cada alumno/a deberá presentar oralmente ao conxunto da turma os resultados do Traballo Tutelado realizado e as principais cuestións focadas nunha das leituras realizadas.</p> <p>Os materiais utilizados nas exposicións orais (diapositivos, esquemas, etc.) serán disponibilizados para o conxunto do grupo através do Moodle. A calidade da lingua utilizada, os recursos e estratexias expositivas empregados, así como a clareza e arrumazón dos contidos vehiculados deben ser tamen levados en conta polo alumnado neste tipo de actividade.</p> |
| Proba mixta | Proba escrita que poderá combinar actividades de carácter ensaístico con outras de comentario de textos. |
| Recensión bibliográfica | O alumnado realizará dúas "Recensións bibliográficas" individuais de dúas lecturas (en formato libro) seleccionadas entre a listaxe que figura no punto 8 deste guía como "lecturas obrigatorias". As correspondentes recensións serán disponibilizadas para o conxunto do grupo a través do Moodle. |
| Estudo de casos | Comentario e análise crítica de materiais de vario tipo relativos aos contidos focados na materia. |
| Sesión maxistral | Presentación, desenvolvemento e análise de conteúdos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia. |
| Traballos tutelados | Utilizando metodoloxías con base na "aprendizaxe colaborativa", o alumnado realizará en grupos reducidos un traballo tutelado (focado de preferencia para a pesquisa e a documentación) do cal se derivará tamén a correspondente "Presentación Oral". Tanto a composición do grupo como o(s) asunto(s) concreto(s) focado(s) no traballo será(n) acordado(s) co profesor no inicio das sesións. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|--|
| Traballos tutelados Lecturas Presentación oral Recensión bibliográfica | <p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsábel polo materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do "Traballo Tutelado".</p> <p>De maneira xeral, cada grupo reducido asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.</p> <p>Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico.</p> <p>Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na convocatoria de decembro</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|---------------------------|--|---------------|
| Traballos tutelados | A2 A14 A18 B1 B3 B7 | Serán avaliados os conteúdos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe canto á consecución dos obxectivos procurados co "Traballo Tutelado". A corrección lingüística, as estratexias e procedementos utilizados tanto para resolver eventuais problemas como para presentar o traballo serán tamén obxecto de avaliación. | 20 |
| Presentación oral | B6 B7 | Para alén da utilidade das presentacións para os propósitos da materia, será avaliada a calidade lingüística, o dominio do conteúdo, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión nas exposicións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos e, cando for o caso, o traballo en equipa. | 10 |



| | | | |
|-------------------------|--------------|--|----|
| Proba mixta | A2 A18 B7 | Será obxecto de avaliación a adecuación entre o exposto na proba mixta e os contidos presentados e estudados na materia, tanto nas sesións maxistras e presentacións orais como nas lecturas realizadas e nos estudos de caso analisados. Será tamén levada en conta a capacidade de análise crítica, a corrección lingüística e a clareza expositiva. | 40 |
| Recensión bibliográfica | A2 A11 | Nas recensións bibliográficas será avaliada a capacidade do alumnado para a lectura analítica e crítica, a corrección lingüística, a clareza expositiva (coherencia e cohesión), a capacidade de síntese, a hierarquización de contidos e a adecuación de forma e fondo. | 15 |
| Estudo de casos | A2 A14 B1 C4 | Será avaliada a participación e o traballo en equipa, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para cada actividade destas características. | 15 |

Observacións avaliación

Todas as actividades deberán ser realizadas e entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma Moodle. As actividades entregadas fóra do prazo marcado non serán obxecto de avaliación. Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis.

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo os criterios que serán publicados na plataforma Moodle no inicio do curso. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4). O estudantado repetidor, a tempo parcial ou con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente cos docentes. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ao atendimento, deberá pórse en contacto co profesor através do correo electrónico no inicio do curso. Aquel alumnado que certifique imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesor. O alumnado que se apresente á convocatoria adiantada de decembro terá de contactar previamente co docente e, para superar a materia, realizar a proba mixta (5 valores), as recensións bibliográficas (2 valores) e aqueles traballos tutelados (3 valores) que lle foren encomendados. Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor através do Moodle e/ou expostos na sala de aulas. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas. As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán concorrer á oportunidade de xullo. Para superaren a materia nesta segunda oportunidade, @s alumn@s deberán aprobar (5 valores sobre 10) aquelas probas marcadas polo profesor responsábel da materia e que serán realizadas na data marcada ao efecto pola Facultade de Filoloxía. Igualmente, deberán ser realizadas satisfactoriamente todas aquelas tarefas non superadas na oportunidade anterior xuntamente con aqueles outros traballos que foren agora solicitados. Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non se presente á proba mixta ou que non presente ningunha das actividades previstas neste guía.



Fontes de información

Bibliografía básica

1.AA.VV. (1984). *Literatura e realidade (que é o Realismo?)*. Lisboa: Dom Quixote2.Amaral, F. Pinto de (1991). *O mosaico fluido. Modernidade e pós-modernidade na poesia portuguesa mais recente (autores revelados na década de 70)*. Lisboa: Assírio & Alvim3.Barreira, C. (1981). *Nacionalismo e modernismo. De Homem Cristo Filho a Almada Negreiros*. Lisboa: Assírio & Alvim4.Bernardes, José Augusto Cardoso et al (dir.) (1995-2002). *BIBLOS. Enciclopédia VERBO das literaturas de língua portuguesa*. Lisboa-São Paulo: Verbo (5 vols.)5.Bessa-Luís, A. (1979). *A vida e a obra de Florbela Espanca*. Lisboa: Arcádia6.Buescu, Maria Leonor Carvalhão (1994). *História da literatura*. Lisboa: IN-CM7.Coelho, Jacindo Prado (ed.) (1987). *Dicionário de literatura: literatura portuguesa, brasileira, galega, estilística literária*. Porto: Figueirinhas (5.vols. e atualização de 2002-2003)8.Cruz, L. (1971). *Viragem do romance português*. Paris: Fundação Calouste Gulbenkian9.Dias, A.F. (1998). *História e crítica da literatura portuguesa*. São Paulo: Verbo10.Ferreira, A. (ed.) (1980). *Antologia de textos da "Questão Coimbrã"*. Lisboa: Moraes Ed.11.Ferreira, João Palma (1985). *Literatura portuguesa: história e crítica*. Lisboa: IN-CM12.George, João Pedro (2002). *O meio literário português (1960/1998) prémios literários, escritores e acontecimentos*. Algés: Difel13.Guerra da Cal, Ernesteo (1981). *Língua e estilo em Eça de Queiroz [trad.]*. Coimbra: Almedina14.Guimarães, Fernando (1969). *A Poesia da presença e o aparecimento do neo-realismo*. Porto: Inova15.Lopes, Óscar (s.d.). *Oliveira Martins e as contradições da Geração de 70*. Porto: Biblioteca Fenianos16.Lourenço, Eduardo (2003). *Lourenço, Eduardo. Título Pessoa revisitado : leitura estruturante do drama em gente*. Lisboa: Gradiva17.Macedo, Helder (1999). *Nós uma leitura de Cesário Verde*. Lisboa: Presença18.Machado, Álvaro Manuel (1998). *A Geração de 70. Uma revolução cultural e literária*. Lisboa: Presença19.Marinho, Maria de Fátima (1999). *O romance histórico em Portugal*. Porto: Campo das Letras20.Martins, A. Coimbra (1967). *Ensaio Queirosianos. O Mandarim assassinado. O incesto d'Os Maias. Imitação capital*. Lisboa: Publicações Europa-América21.Martins, Fernando Cabral (coord.) (2008). *Dicionário de Fernando Pessoa e do modernismo português*. Lisboa: Caminho22.Melo e Castro, E.M. (1980). *As vanguardas na poesia portuguesa do século XX*. Lisboa: ICALP23.Morao, Paula (1991). *O Só de António Nobre uma leitura do nome*. Lisboa: Caminho24.Pascoaes, Teixeira de (1988). *A Saudade e o saudosismo dispersos e opúsculos (Pinharada Gomes ed.)*. Lisboa: Assírio e Alvim25.Petrov, Petar el al (ed.) (2012). *Avanços em literatura e cultura portuguesas. De Eça de Queirós a Fernando Pessoa*. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora26.Petrov, Petar el al (ed.) (2012). *Avanços em literatura e cultura portuguesas. Século XX*. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora (vols.1-3)27.Pimentel, F. Vieira (1981). *Tendências da estética finissecular. D. João da Câmara. Um caso exemplar*. Ponta Delgada: Universidade dos Açores28.Pimentel, F.J. Vieira (ed.) (2002). *Presença : labor e destino de uma geração, 1927-1940: estudos e ensaios*. Coimbra: Angelus Novus Editora29.Pires, Daniel (1986). *Dicionário das revistas literárias portuguesas do século XX*. Lisboa: Contexto30.Popper, Karl R. (1987). *O Realismo e o objectivo da ciência*. Lisboa: Dom Quixote31.Quadros, António (1989). *O primeiro modernismo português: vanguarda e tradição*. Lisboa: Publicações Europa-América32.Rebello, Helena (coord.) (2011). *Lusofonia. Tempo de reciprocidades (Actas do IX Congresso da AIL)*. Porto: Afrontamento (2 vols.)33.Reis, Carlos (coord.) (1989). *Literatura portuguesa moderna e contemporânea*. Lisboa: Universidade Aberta34.Reis, Carlos (dir.) (1991-1996). *História crítica da literatura portuguesa*. Lisboa: Verbo (9 vols.)35.Rodriguez, J.L. et al (eds.) (2008). *Da Galiza a Timor. A Lusofonia em foco (Actas do VIII Congresso da AIL)*. Santiago de Compostela: USC (3 vols.)36.Saraiva, António José (1982). *As ideias de Eça de Queirós*. Amadora: Bertrand37.Saraiva, António José e Lopes, Óscar (1992). *História da literatura portuguesa*. Porto: Porto Editora38.Simões, M.L. Netto (1975). *Narrativa portuguesa em processo de fragmentação*. Petrópolis: Vozes39.Taibo, Carlos (2010). *Parecia não pisar o chão. Treze ensaios sobre as vidas de Fernando Pessoa*. Santiago de Compostela: Através Edirora40.Torres, A. Pinheiro (1977). *O Neo-Realismo literário português*. Lisboa: Moraes Ed.41.VV.AA. (1991). *A arte e a sociedade portuguesa no século XX (1910-1990)*. Lisboa: Livros Horizonte



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"> - Castro, A. (1960). Balzac em Portugal. Coimbra - Guimarães, Fernando (ed.) (2001). Simbolismo, saudosismo e modernismo antologia de poesía portuguesa. Lisboa: Quase - Hourcade, P. (1963). Guerra Junqueiro et le problème des influences françaises en son oeuvre. Paris - Martines, Enrico (ed.) (1998). Cartas entre Fernando Pessoa e os directores da presença. Lisboa: IN-CM - Monteiro, João César (1969). Sophia de Mello Breyner Andersen. http://www.youtube.com/watch?v=3JA7lxeovVY - Silva, Manuela Parreira da (ed.) (2001). Cartas de Mário de Sá-Carneiro a Fernando Pessoa. Lisboa: Assírio & Alvim - Torres Feijó, Elías J. (2003). "Introducción";, in La brasileña de Prazins. Madrid: Cátedra - (). Agália. Revista de Estudos na Cultura. http://www.agalia.net - (). Arquivo Pessoa. http://arquivopessoa.net - (). Casa Fernando Pessoa. http://casafernandopessoa.cm-lisboa.pt/index.php?id=2233 - (). Colóquio/ Letras. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian - (). Correntes d'Escritas. Revista de Cultura Literária de Póvoa de Varzim. - (). Dicionário Histórico de Portugal. http://arqnet.pt/dicionario/ - (). Jornal de Letras, Artes e Ideias. http://visao.sapo.pt/JL - (). Literatura portuguesa (Instituto Camões). http://cvc.instituto-camoes.pt/conhecer/bases-tematicas/literatura-portuguesa.html - (). Projecto Vercial. http://alfarrabio.di.uminho.pt/vercial/index.html <p>As persoas que acompañaren a materia deberán realizar obrigatoriamente a lectura de dez obras, das cales dúas serán seleccionadas para seren recensionadas. Os textos serán fixados nas primeiras sesións presenciais a partir de unha listaxe orientativa fornecida polo profesor responsábel pola materia. Para alén da obra de Perfecto E. Cuadrado (ed.), You are welcome to Elsinore: poesía surrealista portuguesa, antologia (Compostela, Laiovento, 1996), entre estas dez obras de lectura obrigatoria deberán figurar textos da autoria de: Alexandre Herculano, Almeida Garret ou Camilo Castelo Branco; Eça de Queirós, Fernando Pessoa, José Saramago e Florbela Espanca.</p> |
|------------------------------------|---|

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Portuguesa 1/613G02026

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingua e Cultura dos Países de Fala Portuguesa/613G02027

Literaturas de Lingua Portuguesa/613G02039

Poesía en Lingua Galega e Portuguesa/613G02043

Narrativa e Ensaio en Lingua Galega e Portuguesa/613G02046

Teatro en Lingua Galega e Portuguesa/613G02047

Materias que continúan o temario

Observacións

Todas as cuestións non contempladas explicitamente nesta guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento da materia serán resolvidas polo profesor no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente deste documento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías